

COLEGIO FINGOY

LUGO

DIRECCIÓN

14, Santiago, 1952

Sr. Don Ramón Otero Pedrayo

Santiago de Compostela

Meu querido amigo e mestre: Fai tempo que uns mozos de Ferrol, - que queren editar unha revista literaria, insisten perto de min pra que outeña de vostede un orixinal con destino ao primeiro número da mesma. Prégolle afincadamente que teña a bondade de mo enviar con toda a rapidez posibre.

Outras xentes de Lugo, que editan uns cadernos de poesía, quixeran - a verdade é que son eu mesmo o pai da idea- reunir n-un de ises cadernos -vinte ou trinta páxinas- algúns dos seus ademirabres e pouco coñecidos versos. Eu poseo algúns dos pubricados; outros non os teño. Se vostede quixera autorizarme pra reunilos e ordealos, e me dera un tiduo pra iles, e se non lle molesta demasiado remitirme os que teña a man, pubricados ou inéditos, eu ficaría moi satisfeito; e poderíamos seleciciar un feixe de poemas que a lírica galega está pedindo a berros ver reunidos. A ver se, por amistade a min, fai algo de isto.

Escríbame ao endrezo do membrete. Respeito ao indicado no primeiro parrafo, quixera que pronto.

Estiven unhas horas en Santiago fai días. Me non foi posibre velo,inda que ben o houbera querido facer. Vostede estaba en Fonseca exercendo funcións xudiciais, e inda que eu estiven no P. Sarmiento, ía á cabeza de un grupo de nenos aos que tifia que encamiñar a Pontevedra, e non puiden dispor dos minutos precisos pra saudao.

Fago agora co cariño de sempre

Carballal Calero /